

Darío Xohán Cabana e a literatura infantil *Darío Xohán Cabana and children's literature*

Pilar Sampedro Martínez
(GALIX / pilarsampedro507@gmail.com)

Data de recepción: 16/01/2023 – Data de aceptación: 13/03/2023

Resumo: Esta colaboración pretende recoller a visión de Darío Xohán Cabana sobre a literatura infantil que se estaba a escribir nos anos 80 e 90 e sobre as súas obras publicadas dentro destas coleccións editoriais. Ao tempo, faise un percorrido por toda a obra infanto-xuvenil do autor mostrando a orixinalidade que lle é propia, tanto na temática como na maneira de presentala.

Palabras chave: Darío Xohán Cabana, literatura infantil e xuvenil (LIX).

Sumario: 1. A literatura infantil para Darío Xohán Cabana. 2. Libros de Darío Xohán Cabana publicados en coleccións infantís. 2.1. Obras destinadas a primeiros lectores e lectoras. 2.2. *O avión de Cangas*. 2.3. *As aventuras de Breogán Folgueira*. 2.4. *As viaxes do príncipe azul*. 2.5. *O milagre das estrelas*. 2.6. *O castrón de ouro*. 2.7. *Dende o Himalaia a Ceilán*. 3. Outras obras. 4. A modo de despedida. 5. ... e peche. Referencias bibliográficas.

Abstract: The aim of this contribution is to present Darío Xohán Cabana's conception of the children's literature that was published in the 1980s and 1990s and an overview of his own works that were published under this rubric. In addition, an overview of the author's entire output within this genre is provided, highlighting the author's originality with regard to both thematic content and form.

Keywords: Darío Xohán Cabana, children's literature.

Contents: 1. Darío Xohán Cabana's conception of children's literature. 2. Darío Xohán Cabana's books published in children's literature collections. 2.1. Books for first little readers. 2.2. *O avión de Cangas*. 2.3. *As aventuras de Breogán Folgueira*. 2.4. *As viaxes do príncipe azul*. 2.5. *O milagre das estrelas*. 2.6. *O castrón de ouro*. 2.7. *Dende o Himalaia a Ceilán*. 3. Other books. 4. A conclusion of sorts. 5. End. Bibliographic references.

*Pasei moita fame de libros cando era pequeno.
Non imaxino un mundo sen libros,
nin me imaxino a min mesmo sen escribir libros.
Cando o autor fala de si en As aventuras de Breogán Folgueira*

1. A literatura infantil para Darío Xohán Cabana

Gustárame comezar recollendo un texto de Cabana que permita encadrar mellor este artigo:

En espera de que se faga unha edición crítica do manuscrito, as miñas mans pecadoras só se atreven a extraer del algunhas das noticias que integro neste meu *Libro dos Moradores* antigos e novos, mesturándoas con outras que veñen doutras fontes escritas e orais. Se non fago mención puntual nin poño notas a pé de páxina como é de uso nun traballo científico, é porque a miña pretensión neste pequeno volume é unicamente divulgativa, de ensinar un pouco deleitando. (Cabana 1990d: 36)

A obra de Darío Xohán Cabana (en diante, DXC) publicada en coleccións de literatura infantil e xuvenil é realmente especial, a maioría non ten semellanza con outras desta modalidade, gardando unha certa unidade entre si e coas que escribe para adultos. Manuel María (1999: 7) no «Prólogo necesario» define estes textos como «Relatos escritos á marxe de modas e de modos de narrar que, por aquel entón, primaban na nosa literatura» e penso que acae igualmente aos deste autor. A súa é unha obra orixinal e cos pés nun rural de nacemento e non aprendido, por iso quero poñela en valor, porque o universo literario infantil sería máis pobre se non contamos con ela.

Seguindo as declaracións de DXC podería dicir que mantén unha relación ambivalente coa denominación e sistema editorial da literatura infantil. Por un lado semella non terlle moita querenza ao considerar que é un campo no que uns popes deciden o que está ben e o que está mal, o que se publica e o que non, o que se merca e o que se le. Ve que obras que el considera boas teñen pouco éxito e que ao tempo se venden moito outras que non o merecen, moitas veces obras que chegan de fóra ofrecendo pouco e, por riba, con malas traducións. A este respecto, quixera introducir unha nota, porque sempre chamaron a atención as liortas ao redor da LIX (Literatura Infantil e Xuvenil), os xogos de poder ao lado de algo tan inocente como a infancia, mais ten sentido se temos en conta que, nos Informes do Comercio Interior del Libro realizados pola Federación de Gremios de Editores de España, podemos observar en dúas datas (a modo de exemplo), como despois dos Textos non universitarios é o montante máis forte: «a facturación en galego distribúese de forma maioritaria entre Infantil e Xuvenil (35,2%) e texto non universitario (33,8%)» no Informe de 2021. No de 2011 dise que «Texto non universitario (33,8%) sumado con Infantil / Xuvenil (26,4%) e Literatura (23,9%) dan

un montante de 84,1% do editado». Isto mantense ao longo dos anos e a economía ten moito valor, aínda que dela se fale pouco, nestes ámbitos.

Por outra banda, a DXC non acaba de gustarlle a redución da linguaxe ou temática cando se escribe para a infancia, non gusta deses produtos que resultan semellantes entre si e que non saen do rego do esperable, pero por outra banda admira o traballo de Neira Vilas ou Manuel María (esa primeira ondada de creadores) e admite que para determinadas idades hai que adaptarse á súa competencia lectora.

En *As aventuras de Breogán Folgueira* no apartado «Cando o autor fala de si», confesa: «Do que nunca tiven intención foi de facer historias “para rapaces”. Eu escribo as cousas que teño que escribir por necesidade, porque me medran dentro e teño que abrírlles camiño para fóra» (Cabana 1990a: 112). Eu quedaríame con esa fermosa maneira de explicar a creación, como unha fonte á que hai que abrírlle paso e entregar esa auga para que os demais beban. Entre as persoas mediadoras do libro infantil, hai un dito que se repite e no que coincidimos: dar de ler como quen dá de beber. Así, Cabana, vains ofrecendo auga clara en material nobre.

Pode acontecer que esta historia de Breogán Folgueira sexa axeitada para persoas de poucos anos. Eu non estou nada seguro, pero se así fose, sería porque cadrou e non porque eu o buscase. A historia escribina porque me apeteceu, e non quitei nin cambiei unha palabra para que fose máis doada de entender. (Cabana 1990a: 112)

Seguindo coa súa relación coa LIX, aínda partindo de que ao longo do tempo pensamos de diferentes maneiras e de que incluso a opinión pode variar segundo en que nos centremos en cada momento, ou a onde nos leve a conversa, gustaríame recoller as súas palabras, non para que sexan terxiversadas senón, polo contrario, para deixar constancia, aínda que se repitan.

Nos anos 80 xa estaban pasando unha serie de cousas na literatura chamada infantil e xuvenil que antes non pasaban, é dicir, o asunto comezaba a ser un negocio, un pequeno e misérrimo negocio pero como en todo pequeno e misérrimo negocio créanse unha serie de grupos e unha serie... non quería dicir a palabra e non a vou dicir, fô demo fô, pero é que esa palabra italiana, *mafia*, é tan tentadora... Entón, houbo un momento no que a literatura infantil e xuvenil converteuse nun negocio de certa consideración, e ese negocio empezou a ter os seus *capos*, e eu nese mundo nunca entrei, nin quero entrar, nin entrarei xamais, porque eu non escribín propiamente literatura infantil e xuvenil, excepto nunha ocasión e media. O resto escribino porque quixen escribilo, e nesa cousa do negocio non quero ter nada que ver... É que tamén escribir con “falsilla”, escribir esas novelas esperables, tan politicamente correctas... Eu prefiro facer literatura mala pero cun pouco de sangue nas veas, e non que simplemente sexa eso: [...] facer novelas coma quen fai chourizos. [...] esa que se fai de acordo cunhas receitas, e iso non me interesa [...]. A min iso abúrreme solemnemente, gústanme máis as cadelas que botan peidos, coma no libro que fixen para a miña sobriña [...]. Son simplemente un escritor que escribiu algunhas historias que parece que cadraron editorialmente ben nunhas

determinadas coleccións. Iso é problema dos editores, é decisión dos editores. (Calvo / Rodríguez Yáñez 2007: 177-178)

A «falsilla», esa folla de papel con liñas moi sinaladas (para que se transparenten e sirvan de guía) ao papel que se coloca por riba e no que se escribe. Modelos que se repiten. Iso era o que non lle parecía ben a DXC, os libros por encargo dende fóra ou dende o mesmo interior do escritor ou escritora que se impón escribir sobre determinados temas ou de determinada maneira. Fronte a iso, os libros de DXC son aves raras que voan en paralelo á bandada.

No mesmo libro de entrevistas declara:

Unha das cousas que máis me amola é que aos meus lectores adultos, se é que os teño, non se lles ocorra ler *As aventuras de Breogán Folgueira* ou *As viaxes do Príncipe Azul* porque semellan libros para rapaces. Estou completamente seguro que habían pasar unha hora moi agradable, feo que eu o diga. (Calvo / Rodríguez Yáñez 2007: 177-178)

Confirma así, o autor, esa afirmación de que a literatura infantil é aquela que tamén pode ler a rapazada pero sen deixar de ser acaída para as lectoras e lectores adultos.

2. Libros de Darío Xohán Cabana publicados en coleccións infantís

2.1. Obras destinadas a primeiros lectores e lectoras

Poeta dende a adolescencia (publica a partir de 1970), escribe o libro memorialístico *Noticias dunha aldea* en 1973 e non entra na novela nin na literatura infantil ata finais dos oitenta. *Galván en Saor* publícase en 1989 e *As aventuras de Breogán Folgueira* en 1990, aínda que este fora escrito con anterioridade.

Como veremos, uns anos despois das declaracións aparecidas en *As aventuras de Breogán Folgueira*, crea dúas ou tres obras claramente infantís. Unha é *Chucho Cacho* publicado na colección Pequeno Merlín (Cabana 1994b), que se presenta á maneira dun álbum ilustrado para primeiras lectoras e lectores. En primeira persoa, o ourizo vai contando o que lle pasa dende que queda orfo polo atropelo de súa nai, como é acollido por un neno que o leva para a horta e como acaba formando unha familia con Chucha Cacha e criando os fillos. Acompáñano as ilustracións de Ángeles Maldonado, realistas e ricas en detalles, para que a lectura icónica complete e amplíe a textual. O autor está satisfeito con este libro e ten razóns para estalo; trátase dunha historia ben contada, sen concesións de ningún tipo e sen necesidade de infantilizala.

En *Conversas* admite que este e *Chirlo Merlo na figueira* (Cabana 1990b) pertence a ese tipo de obras:

necesarias dende o punto de vista didáctico para os rapaciños que empezan a ler, que teñan un vocabulario limitado e unha sintaxe sen ningún tipo de complicación, porque eles non teñen a soltura da lectura automática, por iso ten que haber libros que lles gusten especialmente, que lles teñan graza e que sexan moi fáciles de ler. Por iso escribín *Chucho Cacho* adrede. Non quere dicir iso que o fíxese se non se me ocorre unha idea que me pareceu graciosa. É que eu sempre tiver unha grande fixación polos ourizos cachos, que son os meus animais preferidos porque me gusta moito o seu xeito de se defender. (Calvo / Rodríguez Yáñez 2007: 182)

O libro non acadou o éxito que se agardaba, Xerais quixo chegar a acordos con outras editoriais para traducilo ao catalán e castelán pero non foi posible, isto decepcionou ao autor que confesa que el «isto facíao case –aínda que non me gusta empregar a palabra para estas cousas– por patriotismo». Despois desta experiencia quedalle pouca ilusión pola aventura e foi pena, porque a súa achega tería sido sempre valiosa.

A outra obra é *Chirlo Merlo na figueira* (Cabana 1990b). Nela conta unha historia en verso na que rapaces e merlo andan arredor dos figos da figueira. Un relato que ten moito que ver co rural, con ese mundo no que a rapazada está moi unida ás cousas da terra, especialmente ás froitas e ás aves. O texto comeza así: «Chirlo Merlo andaba ós figos | polas pólas da figueira, | e chegaron tres amigos | con baloiras de abeleira. || –Chirlo Merlo, vai de aí, | deixa os figos para nós | que se os comes todos ti | non sabemos se están bos» (Cabana 1990b: 4). Conta coas ilustracións tan características de Xoán Balboa que nos remiten a un mundo fantástico de antigos grafismos que normalmente aparecen en branco e negro, pero que esta vez –por dirixirse a xente de moi pouca idade– están coloreados e suavizados facéndose máis amables e próximos.

De novo, en *Conversas* DXC declara:

Chirlo Merlo na figueira escribino dunha tirada, foi unha cousa feliz, moi casual. É dicir, empezou o primeiro verso e foron caendo os outros coma un xogo, porque empecei a lembrar os figos da miña casa. Este si que tivo un pouco máis de éxito, porque se chegou a facer unha segunda edición, e ata non sei se unha terceira. Agora xa morreu, aínda que ás veces tense dramatizado nalgún colexio, polo que sei e iso xa me gustou máis. (Calvo / Rodríguez Yáñez 2007: 183)

E continúa:

O que pasa é que eu cando era pequeno subía a comer os figos á figueira e andaban os merlos por alí; entón un día acordouseme, e fun escribindo esa historia tirando por esas lembranzas da miña vida, e rinme coma un anano porque estaba volvendo realmente á infancia. (Calvo / Rodríguez Yáñez 2007: 180)

Aquí, aparece outra das características da LIX: a recuperación da infancia por parte do autor, a volta aos tempos idos e as sensacións e sentimentos que daquela o emocionaron.

Verbo de *Inés e a cadela sabia* publicado na colección Tucán de Rodeira (Cabana 2000) quero recoller as palabras de DXC:

Realmente adrede, só escribín, como dixer, *Chucho Cacho* e, quizabes, *Inés e a cadela sabia*, que é un libro que lle debía a miña irmá, pero non o escribín a tempo pra ela, e entón, cando quedou preñada, dixer pra min: voullo escribir agora pra miña sobriña, candoouben que ía ser nena, e escribinllo. Pero a verdade é que tamén o escribín algo pensando en miña mai, porque nel sae meu pai, que xa morrera, e sae como era, un home dunha peza, sempre valente e no seu sitio, sempre sabendo o que hai que facer, e facéndoo... (Calvo / Rodríguez Yáñez 2007: 180)

Estamos ante un conto que recolle unha realidade: Inés, á irmá (quince anos máis nova) de Darío, é a personaxe principal, a cadela lévalla el de Vigo como realmente aconteceu, os topónimos son os do lugar e os nomes de todos os personaxes coinciden con persoas de carne e óso. Neste agasallo tamén participa a ilustradora (Ángeles Maldonado) que tenta retratar a rapaza e a cadela da maneira máis veraz, tal e como eran realmente. Vinte e dous pequenos capítulos que se anuncian con rimas: «A Faísca con descaro fai un ruído un pouco raro», «A Inés pide de beber e a Faísca de comer», «Volve ás súas a cadela, pero a nena sae por ela»...

Dende un narrador plural cóntasenos a historia dunha nena que é a pequena da casa, de como empeza na escola a onde a acompañan os dous cans (a cadela lista e o León que é bo cazador pero sen moitas luces para a vida diaria). Esa voz vains adiantando o relato, parándose onde lle parece, falándonos de como sabe o que sabe, e remata coa gran aventura de cando a nena e os dous cans caen nunha mina buscando dinosauros, pero todo remata ben, cando o pai os atopa no medio da noite. Volvemos á vida no rural, tratada por alguén que a coñece moi ben, que a retrata dende dentro e mostra o vínculo cos animais como participantes da vida da casa e da aldea. A maneira de contar é áxil, de aí que a lectura tamén o sexa, quen realiza a narración faino observándose tamén a si mesmo, comentando aquilo no que se para ou pasa por alto, de forma que enriquece a historia ao facerse visible para o lectorado e obrigalo así a asistir a eses dous niveis de lectura. Vexamos unha mostra:

A Faísca estivo en Vigo, xaora, porque naceu alí. Pero xa case non se acorda, porque era moi pequeniña cando a trouxeron para Insua. / Aquí cadraría ben contar como a Faísca foi vivir na Insua despois de nacer tan lonxe. Cadraría moi ben, pero non cabe. Foi unha aventura moi complicada. Faría falla outro capítulo polo menos. / Se cadra máis adiante contámolo. Ou se cadra non. Xa iremos vendo como van as cousas. (Cabana 2000: 30-31)

Doses de humor na cuestión escatolóxica e tamén nesa maneira de contar que semella informal, en diálogo co lector.

Eses son os tres libros destinados a público lector de menos idade, que presentamos de primeiros, adoptando este criterio sobre o da orde cronolóxica. Nos seguintes continuamos priorizando a idade dos destinatarios, a do personaxe principal e a dificultade do texto sobre o ano de publicación.

2.2. *O avión de Cangas*

O avión de Cangas (Cabana 1992a) foi finalista do premio Merlín. Trátase dunha verdadeira fantasía: un avión (de nome Belarmino) con base na praia de Rodeira (Cangas), realiza a ruta do Morrazo a Vigo levando e traendo pasaxeiros. A raíz de sufrir un accidente e quedar agarrado aos pés do Vento, vai ter que introducir cambios no traballo, adaptándose a novas situacións igualmente marabillosas. Se Inés era súa irmá no libro anterior, agora vemos como introduce un personaxe moi coñecido na Pontevedra daqueles tempos: John Balan (un home orquestra de Marín que actuaba na liña de autobuses que levaba de Pontevedra ao Morrazo). Balan sentíase vaqueiro do Oeste americano; isto dálle pé a introducir na historia os seus referentes destas películas como os irmáns Dalton, que seica son galegos que volven da emigración. Leamos un pequeno fragmento para observar o ton na boca de Balan:

Marlon Brando éche tamén de aquí, dun sitio que se chama Cuspedriños, indo de Pontevedra para o Carballiño, un pouco á dereita da estrada, ben se ve un indicador. E logo de onde pensas que había ser con ese apelido? E de nome de pía chámase Merlín, senón que o desfigurou ó estilo ianqui, como tamén fixen eu. Vistes a Marlon Brando en *Rostro impenetrable*? Mandaba carallo na Sierra Madre! Mira, a maior parte dos grandes vaqueiros de América do Norte fóronche nativos da nosa Terra, o mesmo ca min, senón que disfrazamos o nome para que non nos coñezan, pois os ianquis de aló sonche medio racistas, e non os deixarían traballar se o soberan. Como che parece que se chama Burt Lancaster? Tiburcio Alencastre! E a Henry Fonda, en Marín alcumábano Quique da Fonda cando era cativo. E Buffalo Bill Cody non che era outro ca un tal Codias, un galopín de Boimorto [...] O que nunca dei sabido é o nome verdadeiro de Kirk Douglas, pero iso si, cando se emborrachaba en Hollywood, que era tres días de cada dous, non facía máis ca xurar en galego lexítimo. (Cabana 1992a: 18-19)

O autor introduce nesta obra outras persoas coñecidas como Manolo Rivas e Xurxo Lobato que pasan polas páxinas a facerlle unha reportaxe a Belarmino.

Os títulos dos capítulos están rimados, pero ademais, ás veces rima na prosa «Agarda a que chegue o abrete, que en canto te vexa a xente virache axudar algún cliente», así fala o Aire nalgunha ocasión. Quen conta é un narrador omnisciente en terceira persoa e abundan as referencia xeográficas, como estamos vendo. Por veces, as conversas traen información da identidade, como cando Belarmino pregunta: «Volver á Terra?, dixestes, Terra así, con maiúsculas? Vosoutros tamén sodes de aquí?» ou cando nos sitúan nunha ucronía «Santiago é a capital da república». As ilustracións de Fran Jaraba xogan co branco e negro, coas diferentes tonalidades de grises e o azul, resultando de moita calidade e remitíndonos á mellor obra do artista.

En *Conversas* responde á pregunta acerca de onde situaría a obra:

O avión de Cangas está nun territorio de ninguén, é dicir, cando o escribín ó mellor pensaba algo en rapaces, pero non pensaba de todo neles, porque a historia naceu doutra maneira, foi case sen querer, ou sen case. Naceu unha noite cando Amelia

e máis eu volvíamos de Barcelona nun autobús infernal, incomodísimo, e de súpeto, como entresnoando, vexo un avión cunhas ás rotas e agarrándose ós pés do vento, vino clarísimo. Entón, procurei espertar e fixar a idea e funa traballando así, nos días seguintes. É un libro que non o escribín pra divertir os rapaces, escribino pra divertirme eu. E divertínme moitísimo porque podía meter na historia os irmáns Dalton, que é unha cousa que me gusta unha barbaridade, a min eses cómics entoléanme. É que ás veces son coma un pícaro [...] É unha homenaxe á terra, a Cangas, a Vigo, a aquela zona que pra min é moi importante porque alí coñecín a Amelia, alí vivimos e pasamos moitas... e porque, ó mesmo tempo, é unha terra luminosa, máis ben era unha terra luminosa, agora está bastante desfeita, e aínda vai estar máis como non se dea atallado a especulación que alí se desata... Hai bastante de nostalxia nesa noveliña [...]. (Calvo / Rodríguez Yáñez 2007: 179-181)

2.3. *As aventuras de Breogán Folgueira*

As aventuras de Breogán Folgueira (Cabana 1990a) aparece ao tempo que *Chirlo Merlo na figueira*. Trátase dunha historia que bebe das novelas de cabalerías. Breogán pasa a vivir esas aventuras que le, igual que un Quixote, mais ten a sorte de poder compartir soños coa moza Dosinda da que está namorado. A mestura entre a realidade actual e aquelas polas que pasan transportados polas lecturas (*Amadís de Gaula* ou *Tristán e Isolda*) resultan fascinantes porque ninguén coma Cabana podería facer esa mestura de mundos e linguaxes. Vexamos como se presentan:

Eu son, señora, Breogán da Selva Folgueira, que é un belido país todo cuberto de fragas e pequenos castelos dos que o máis fermoso é o dos meus pais adoptivos, que son os reis daquel reino. (Cabana 1990a: 31)

Eu son Dosinda das Altas Torres, que é unha fermosa cidade capital dun pequeno reino [...] Morto meu pai, quedei eu por raíña, como filla única de seu. Mais os baróns do meu país, que non queren ter por señora unha muller enténdense co inimigo e queren forzar-me a casar cun deles e que el governe no meu lugar. (Cabana 1990a: 31-32)

Unhas palabras da moza cara ao final da novela quizás acheguen unha chave á súa literatura infantil: «—Breogán, eu quero soñar canda ti» (Cabana 1990a: 81), di Dosinda como declaración de amor. Detrás dese verbo está a outra realidade, a fantástica, ou tamén poderíamos entender que a futura.

De novo, destaca a integración de libros dentro do libro e da xente real no medio das historias ficticias; por exemplo conta que a tradución do *Amadís* é de Méndez Ferrín ou que a descuberta da falsidade do Ciprianillo é de Xosé M^a Álvarez Blázquez. Darío mantén vivo a Ferrín na súa literatura, ata o punto de nomear á moza en lembranza da Dosinda Areses. Remata a obra cun par de apéndices («Notas tiradas do libros dos escolares» e «O lai do Cabrifollo») e un índice de «Personaxes presentes ou citados» que lles achegan un plus de erudición e academicismo ao mostrar a amplitude do seu universo de referencias. As ilustracións de Fausto C. Isorna lembran a tendencia deste artista pola banda

deseñada, especialmente na representación da moza que aparece como aquelas heroínas moi estilizadas que, neste caso, teñen moito de damas medievais nas posturas.

En *Conversas*, respecto deste libro, comenta que é a primeira obra algo longa que escribiu, que o fixo antes de *Galván en Saor* (aínda que se publica máis tarde) como unha especie de proba que lle saíu moi fácil porque estaba de vea, porque ese rapaz era fundamentalmente unha transposición de si mesmo,

só que máis guapo, máis ousado e con moito máis éxito. A pesar de saír nunha colección para rapaces, e a pesares de que a presenteí a un premio, que non gañou, de literatura pra rapaces, non é unha novela xuvenil. É unha novela para señores e señoras nostálxicas de trinta e cinco anos, que eran os que tiña eu daquela. (Calvo / Rodríguez Yáñez 2007: 175-176)

2.4. *As viaxes do príncipe azul*

As viaxes do príncipe azul foi publicado na colección Sete Mares (Cabana 1993a) e, posteriormente, traducida ao catalán. As ilustracións son de Xoán Balboa, ese artista que semella poñer a mirada no románico e que tan boas imaxes nos ten achegado nas obras dos lugueses Paco Martín e Darío Xohán Cabana. Neste caso, limita, agás na portada, o abano cromático ao branco e negro –que o caracteriza– nunhas imaxes que semellan levarnos ao medievo. Os títulos dos capítulos –ao modo medieval– acompañan marabillosamente ese mundo: «Onde se empeza polo principio contando a difícil xeración do príncipe Cerúleo», «Onde transcorre a infancia e primeira mocidade do príncipe Cerúleo», «Onde o príncipe Cerúleo ten unha aventura cun pavoroso dragón»... ata «Onde acaba felizmente esta verdadeira historia».

Non se pode deixar pasar a ocasión de mostrar o principio do relato:

Había unha vez un rei e unha raíña que querían ter un fillo; pero non o daban feito, e iso que traballaban noite e día con gran entusiasmo e dedicación. Xa levaban sete anos neste empeño, e non é que cansasen de traballar, pero empezaban a desesperar de que a natureza puidese obrar ela soa. (Cabana 1993a: 5)

Despois de tentalo nunha clínica da Confederación Alpina, por recomendación dos que o rodean e ante o medo a cambiar a dinastía, fan unha convocatoria no Boletín Oficial do Estado para un concurso de ideas, quen diga a maneira de conseguir herdeiro será recompensado. Así chega a palacio unha meiga que ofrece unha solución a cambio da liberdade para o seu único neto que está nas prisións reais por conspiración política («Se o teu neto fixese coma min e non se metese en política, non estaría no cárcere» dille o rei). Acceden a cumprir as condicións e nace o rapaz, a meiga que xa é madriña (aínda que non fada) vaille conceder tres dons que o axudarán no futuro (ver por debaixo das aparencias, pensar dúas veces antes de tomar decisións e poder tras-acordar). Medra o príncipe sen destacar polo seu corpo nin polos estudos, ata o punto de que o pai declara:

A formación dos príncipes herdeiros non debe quedar exposta ó azar da súa intelixencia, nin o prestixio dun futuro rei debe arriscarse na rendición de exames escolares coma se dunhas oposicións a garda municipal se tratase. Reclamo os dereitos da tradición, e ordeno e mando que sigas a antiga e educativa vía que as vellas lendas prescriben, que é a de correr aventuras un tempo e gañar cabaleirescamente unha esposa para sentar no trono que che pertence por sangue, e non por neuronas nin farrapos de gaita. (Cabana 1993a: 23)

E continúa dándolle consellos:

Na medida en que nos é dado escoller, que moito non é, as aventuras contra dragóns son de gran lucimento. A defensa de pasos honrosos contra cen ou trescentos cabaleiros tamén está ben, pero non cha recomendo, tidas en conta as túas dubidosas virtudes militares. Tamén hai fermosos casos de cabalos máxicos, de bosques impenetrables con princesas dormentes, ou de bater con un que pon tres condicións para gañar algún premio, ou cun home pequeniño que te leva a un reino subterráneo [...]. (Cabana 1993a: 24-25)

Bótase o príncipe ó camiño e ten a súa aventura cun dragón co que conversa e queda por vencedor ante a vila cando o que sucede é que ao dragón lle toca durmir trescentos anos, o encontro coa fada Lupina que por un exceso de sinceridade o mantén prisioneiro unha chea de tempo ata que consegue superar as tres probas ás que o somete, ou aquela na que «gaña unha princesa e non sabe que facer con ela» así que trasacorda, marcha onde a meiga madriña e co seu neto revolucionario artella a maneira de converterse en bibliotecario cando se instale a república. Porque a el o que realmente lle reina é ter conversas filosóficas e andar entre libros, por iso, cando atopa unha biblioteca nun mosteiro case queda alí para sempre porque el adora «escoitar cos ollos as palabras dos mortos». A historia acaba felizmente «O desherdado príncipe Cerúleo gañou a oposición con xustiza e folgura, e desde aquela viviu canda súa madriña, sempre tranquilo e feliz, e non lle faltaba algunha perdiz que outra cando era tempo de caza» (Cabana 1993a: 86).

Un brinde aos contos maravillosos, á atemporalidade e á ruptura de estereotipos con ese príncipe que está empeñado en instaurar unha república e vivir entre libros. Que gran personaxe! O humor acompaña a crítica ao caciquismo instalado no poder municipal, aos reis cos cartos en paraísos fiscais aos que marchar cando se declara a república, ás princesas caprichosas e faltas de educación... pero tamén recoñecemos os nomes da materia de Bretaña (a fraga de Brocelandia, Merlín, Excalibur...) que acostuman acompañar as historias deste autor. Esta, particularmente, vai coma un río, contada nesa maneira tan propia e engadindo os ingredientes aos que el lle ten tanta querenza. Anacronismos fabulosos que mesturan o que foi co que ha de ser nunha especie de convención na que se integran os contos de antes coa actualidade feroz e que se poden translucir en conversas hilarantes: «A miña fe calvinista prohíbeme recomendarlles ir ó San Bieito do Leres ou á Virxe da Saleta, porque santo non hai máis ca Deus, que non se mete en cuestións xenerativas ó por menor», «Abrevia, muller, abrevia. Déixate de demagoxias e dinos dunha vez ó que vés» (Cabana 1993a: 8 e 14). O mito encollendo o corazón e o humor atravesando as páxinas: «Un príncipe de Eirín arou

con bois nos tempos heroicos, cando o mundo era neno», «Estes tempos nos que as princesas se fan sen control de calidade e Cupido non gasta os seus dardos de ouro, quizás porque se volveu avaro e lle gusta cerrar o exercicio con superávit», «–Se ten que comerme un dragón, sequera que me coma ben farto. –Ai, señor, non digades tal, que algunhas veces o príncipe vence!» (Cabana 1993a: 54, 76, 30 e 31).

En *Conversas* afirma o autor que «*As viaxes do Príncipe Azul* escribina en tres ou catro días, iso era chegar e encher, porque son historias sinxelas» (Calvo / Rodríguez Yáñez 2007: 213) e en *A música das palabras*:

é un “conto erudito”, unha trusgada de ollo ós contos de fadas da miña infancia, que viñan de regalo naquelas libras de chocolate de antes, e tamén ás miñas posteriores excursións polos relatos épicos de Irlanda. O anacronismo é continuo, sistemático, e xuro que aínda me divirten algúns dos meus achádegos, especialmente o do tractor que aparece nunha das probas máxicas ou a pedantería dun dragón que pretende saber falar francés. (Cabana 2022: 49)

2.5. O milagre das estrelas

O milagre das estrelas. Aventuras do mago Antón no Camiño de Santiago foi publicado na colección de Merlín (Cabana 1993b). Recolle o argumento que dá base a un espectáculo máxico-teatral do Mago Antón, chamado Vía Láctea que se presentou con motivo do Xacobeo 93, e xa contaba co guión de DXC. Unha historia con personaxes históricos ou de lenda ao lado dun real como é o mago Antón e arredor do que ten lugar toda a trama, incluso o accidente que case lle custa a vida. Na realidade tratouse dun espectáculo multimedia (teatro, cine, maxia, música...) que se representou durante meses en Santiago de Compostela e despois nas cidades máis importantes de Galicia, rematando a súa xira en Pamplona e Madrid. Na ficción, o Mago Antón monta a súa carpa en París e chega en moto ó escenario, acompañado de Güendoline. Alí, logo dalgunha mostra de maxia, fai aparecer a Carlomagno, Don Roldán e Guilhem de Aquitania (o que coñecemos co nome de Gaiferos de Mormaltán). Despois únese a eles o Apóstolo Sant-Iago, que baixa ó escenario nunha barca de pedra para poder resucitar o Mago Antón, morto por unha demostración de ingravidez sobre a grande espada de Carlomagno. O Apóstolo sobe ó ceo na procura da Vía Láctea (concentrada nunha estrela) para poder salvar o mago. Todos eles emprenden logo o Camiño cara a Compostela. Nese percorrido, mentres Roldán lle fai as beiras a Güendoline (porque os cabaleiros, e máis se son novos, é o que teñen), ocorrenlles sucesos que van sendo solucionados pola maxia do Mago Antón. Ata que chegan á catedral. Alí, o Mago converte ó demo nun bloque de xeo, e, tras deixar os tres personaxes históricos gravados para sempre nunha columna da catedral, desaparece, de novo na barca de pedra. Só queda ó final a estrela na que se concentra a Vía Láctea.

Remata o libro cun apartado que normalmente leva o título «Cando o autor fala de si» pero que, neste caso, titúlase «Onde o Darío fala do Antón», referíndose ao mago. As ilustracións de Liliana Vázquez xogan tamén entre a realidade do

espectáculo e a fabulación, ao traballar con colaxes de fotografías (especialmente do mago Antón) que completa con debuxos. Esta obra foi traducida ao castelán, acompañando así a xira do espectáculo que tamén decorrera por España adiante.

As marcas do autor fanse presentes na noveliña: ademais dese narrador que entra no relato de vez en cando,

De aquí para diante nesta verdadeira historia imaxinaremos que Antón falaba en galego lexítimo, e que os espectadores o escoitaban todos cada quen na súa, coma se o mago tivese don de linguas infundido polo Espírito Santo, igual que Sant-Iago o Maior e os máis apóstolos. (Cabana 1993b: 11)

recoñecemos a alternancia de personaxes de certo e creados. Xa tiñamos atopado ao mago Antón en *Galván en Saor* cando di Merlín:

Ás veces voume uns días, disfrázome de mozo prestidixitador, e fágome chamar Antón, e actúo en feiras e festas. Non hai cousa máis divertida no mundo. As xentes pensan que están vendo trucos dun mozo moi hábil que finxe ser mago, e porén ven un mago que finxe ser un mozo moi hábil que fai trucos e xogos de mans. (Cabana 1989: 18)

2.6. O castrón de ouro

O castrón de ouro foi premio Barco de Vapor en 1993 e publicado nesa colección de S.M. (Cabana 1994a); posteriormente editarao Galaxia.

A novela conta como o día no que Tristán cumpre dezaoto anos ve por primeira vez o castrón estando na Casa dos Seus. Despois diso decide correr mundo, para engadir aos saberes librescos os coñecementos sobre os humanos costumes. O castrón vaino acompañando, ou máis ben levándoo. Cando o mozo quere volver, o Mestre Leonel (que así se chama o gran cabrón, o castrón eterno, o ridor) explícalle que a fraga na que están é un mundo (a fraga eterna) onde todos os camiños se cruzan e só podes saír dela cando os camiños queiran. As aventuras vanse sucedendo. Os personaxes van aparecendo: o barqueiro mudo, o Rei das Espadananas (un anano que se reflicte enorme nos espellos que para el creou a nai bruxa), o secuestro por parte dos xigantes antropófagos e como son rescatados polos habitantes de Cabrolândia, o encontro coa cerva á que o lobo lle matou o fillo e que a partir daquela adopta a Tristán como tal, a visita ao poboado da Fraga de Xer e como alí o príncipe artella un proxecto político para axudarlles a defenderse dos piratas do norte, a historia do rei dun país verde ao que o irmán fai prisioneiro e consegue fuxir converténdose en paxaro ou transformándose en cervo. E nunha desas, Tristán aparece nunha corredoira porque a fraga rematou.

Trátase dunha obra realmente especial, chea de fantasía e cunha escrita de moita calidade. O humor nas conversas, a abundancia de refráns ou a maneira de contar tal como pode apreciarse neste fragmento no que Mestre Lionel lle conta a súa historia a Tristán:

pois eu antes chamábame Pan e era un deus. Era o deus das fragas e das montañas. Nunca se soubo de fixo quen eran meus pais, se é que os tiver, pois a verdade é que non lembro ter nacido nunca. [...] Eu vivía na Arcadia, e non vivía mal. Traballaba de veterinario de día, e polo serán amenizaba verbenas tocando a miña frauta. Nunca me faltaron as ofrendas, e ás veces tiña algún éxito coas ninfas. Daquela reinábame moito o putario, non o podo negar, e algunhas veces teño abusado dos meus poderes divinos, pero en conxunto nunca lle fixen mal a ninguén. [...] Todo marchaba ben nos meus vellos tempos, porque a Arcadia antiga érache un verdadeiro paraíso para un deus. A xente de aló non se metía aínda en debuxos, nin se facía preguntas filosóficas sobre quen fixera o mundo e todas esas pataqueiradas que viñeron despois. (Cabana 1994a: 84-85)

Afirmacións no estilo de «pois, como é lóxico, todos os deuses somos ateos», «Que clase de deus sería eu, se non puidese deixar de ser deus cando me dese a gana?» ou «Fixen coas miñas mans este pazo, e formei unha coroa coa corna dun cervo que morrera de vello, porque un rei debe ter coroa aínda que estea no exilio» (Cabana 1994a: 86, 88 e 100); xogos como a denominación da casa dos de Tristán que pode aparecer como a Casa dos Meus ou a Casa dos Seus, segundo quen fale... enriquecen a obra e lembran a Ferrín, que en *Arnoia Arnoia*, introduce o castrón do mesmo nome que alí acompaña a Nmógadah quen lembra a súa Casa Pequena. Homenaxes que poñen en relación mundos como a materia de Bretaña, que aparece da man do rei dun país verde que feito prisioneiro por un irmán é salvado polas pegas que o acompañan mentres agarda que veñan buscalo para gobernar de novo: o rei García, que ha de fuxir ante o acoso dun sobriño (que sabe do perigosos que son os mitos e os mártires) e o fará, agora, convertido en cervo.

O mundo do lendario e marabilloso, a recreación de mitos, a indagación na identidade de Galicia, a utopía na creación de mundos mellores (aínda sabendo que se van perverter) están presentes nesta obra que nace dunha figura (o carneiro alado de Ribadeo: unha xoia de filigrana en ouro de orixe moi antiga que forma parte das pezas máis relevantes do Museo de Lugo). Unha imaxinación desbordante apoiada na crenza de que todo é posible. Unha riqueza lingüística que bebe de fontes populares e cultas, con abundancia de refráns e referencias a outras obras. Recoillo de *A música das palabras*: «O castrón de ouro é outro conto erudito; ten outro ton, certamente humorístico ás veces, aínda que non cómico coma o Príncipe Azul, pero sobre todo melancólico; o anacronismo é continuo, nomeadamente lingüístico» (Cabana 2022: 49).

As dúas edicións contan con diferentes ilustradores. Na de O Barco de Vapor de S.M. son as ilustracións de Xoán Balboa as que acompañan o relato, nese estilo no que as imaxes que lembran o medievo se enchen de tal maneira que recordan o terror ao baleiro do barroco. Na segunda edición, na colección Árbore de Galaxia, é a tamén luguesa Noemí López quen ilustra, no estilo característico desta autora, con abundancia de liñas curvas e adoptando diferentes puntos de vista; pasando, desta maneira, do estatismo ao dinamismo.

2.7. *Dende o Himalaia a Ceilán*

Dende o Himalaia a Ceilán escolma lendas populares hindús contadas por Darío Xohán Cabana (Cabana 2004). Pertence á colección Lendas, coeditada con Editores asociados, na que se recollen lendas de diferentes civilizacións. Cabana escolle as hindús por sentirse atraído por ese mundo de deuses. A estrutura do libro vai máis alá da ficción: presenta un mapa da India e baixo o título de «Contexto» recóllese unha pequena introdución ao país, a súa sociedade, relixión, linguas e actualidade. Os capítulos seguintes responden ás diferentes lendas recollidas (Manu Vaivasvata, O deus da cabeza de elefante, A estrada no mar, Sakuntala, O casamento de Damaianti e O príncipe Siddharta), e transcritas dunha maneira moi persoal. Tal como se di no título, o autor conta lendas indias, faino á súa maneira tendo en conta a tradición cultural que nolas trouxo. Un traballo ben distinto aos anteriores no que perdemos aquel burbullar de fonte propia que vai regando as leiras da familia. Esta auga, traída de fóra, chega a través da súa mirada e a súa palabra que, aínda así, recolle esa maneira de contar con certa relatividade e golpes de ironía: «A pouco que se pense, verase que quen podía facer unha muller con catro produtos lácteos, ningunha dificultade tería para crear animais irracionais», «Os deuses son coléricos, e non lles gusta que a xente sexa máis lista ca eles [...] e fóronse por onde viñeran de onde ninguén os chamara», «Crese que virá o décimo e último avatar: chamarase Kalki e terá corpo humano, pero cabeza de cabalo. Convén estarmos atentos» (Cabana 2004: 16, 37 e 47); engadindo referencias a autores de noso: «A tradición hindú é tan fecunda e enorme que a miúdo incorre en contradicións; nós contamos o conto á nosa maneira, collendo unha herba aquí e outra acolá» (Cabana 2004: 17); introducindo comparacións con outras obras universais: «O Mahbharata é unhas sete veces máis longo que os dous poemas homéricos xuntos: Odisea e Ilíada» (Cabana 2004: 21) ou inserindo elementos que van máis alá da lenda: «o mito da inmensa antigüidade das cousas orientais non debe ser aceptado sen crítica» (Cabana 2004: 21).

En *Conversas*:

Dende o Himalaia a Ceilán foi un traballo de encarga, unha encarga moi ben recibida porque tiveron unha época de moito interese por estas literaturas. O que en realidade me encargaron foi que collera unha destas compilacións que hai xa feitas e que fora traducindo simplemente de aquí e de alí, pero eu o que preferín foi reelaborar. Quedoume bastante ben, e o libro en conxunto non é malo, aínda que é demasiado curto por imperativo da colección. (Calvo / Rodríguez Yáñez 2007: 219-220)

3. Outras obras

Á hora de falar das obras de DXC que pode ler a rapazada, faise necesario recuperar as que foron publicadas en obras colectivas, formando parte de coleccións coma *Os contos da campaña 3* que pertence á VIII Campaña de fomento da lectura e no que aparece o conto «O Tesouro da Lagoa» (Cabana 1992c) que sitúa en Roás e no que volve ao mundo dos ananos (ou medianos) para falar de casas con lousas e trebellos de ouro, de namorados... todo con moito humor. Unha corrente subterránea semella conectar esas historias nas que participan seres doutros mundos movéndose por diferentes libros.

Outra colección era O lagarto pintado que publicaba a Xunta de Galicia e que no 1993 baixo o título xenérico de *Aí está o conto* recolle «Noticias de algures» de DXC (Cabana 1993d). No limiar, explica que despois de ter publicado o *Libro dos moradores* fóronlle revelados outros feitos semellantes que quere ofrecer á curiosidade pública. A continuación, pasa a narrar tres relatos que comparten co libro citado esa característica de realidade salpresada de fantasía: «A baxunga», «Un can de Saor» e «O foristeiro». As ilustracións son acuarelas de Ánxeles Ferrer.

Novos contos para nenos, ilustrado por Alberto Gende, está coordinado por Paco Martín e nel publica, Darío Xohán Cabana, «As tesoiras do señor Aurio» (Cabana 1994c). De novo, aparece situado en Roás, e outra vez vai relatar a relación entre un humano e un trasno. O xastre, que adora ir de caza e de pesca (cando é o tempo), coñece un mediano, traban amizade e fanse agasallos. A cambio das perlices e troitas, Aurio recibirá unhas tesoiras e unhas agullas de ouro que foran da nai de Feliciano e que cortan e cosen soas, mentres o xastre fai o que máis lle gusta.

Contos da travesía eran volumes da colección Nova 33, vencellados á campaña organizada baixo o paraugas do Tren Caixa Galicia. No 1995 recolle o conto «O mestre de Silvarrei» (Cabana 1995). Un relato vinculado á memoria histórica no que se conta a historia dun mestre que chega á escola de aldea no tempo da república. A creación da biblioteca circular que se move polas casas, as clases para adultos, o compromiso do mestre coa educación e a cultura fai que os veciños lle constrúan unha casa en terreo comunal para que poida traer a nai a vivir con el... pero cando se produce o golpe de estado é o primeiro en ser asasinado. Unha narración que pode vincularse con aquela outra «A mariñeira de Quilmas» que forma parte de *Vidas senlleiras* (Cabana 1992d), na que unha muller vai ao mar no barco que foi do seu home para manter a familia e simula que este está vivo no monte, para que os falanxistas as respecten (a ela e ás fillas).

Nas escolas dos noventa foi moi utilizada a *Historia da lingua galega*, un romance de cego escrito por Darío Xohán Cabana (Cabana 1988). Tamén en romance escribe as historias do rei Don García, María Soliña, María Castaña, San Froilán e Ith, o fillo de Breogán que forman parte do libro *Cinco lendas* (Cabana 1993c). Presentábase así *Cinco lendas escritas por Darío Xohán Cabana e debuxadas por Xohán Balboa* e a simbiose de texto e ilustración fan da publicación unha xoia de anticuario.

Máis alá do publicado en coleccións de literatura infantil e xuvenil, hai algún outro libro de DXC que posiblemente sexa boa lectura para o tramo de lectorado experto, por exemplo *A excursión* da colección Contos do Castromil (Cabana 1992b). A excursión de alumnado e familias de Roás á Coruña é o motivo para realizar unha crítica aguda das prácticas pedagóxicas dos anos sesenta, falar da xente da aldea e da admiración polo pai con humor e bo oficio.

Outro libro que estaría ao alcance do lectorado experto é *Fortunato de Trasmundi* (Cabana 1990c), publicado na colección de adultos. Un imaxinario protagonizado por ananos ou medianos que viven en dous mundos: un deles secreto (a Confederación Escondida de Trasmundi o dos sete vales e as sete aldeas) e o outro, real, (o dos humanos) no que estes van de incógnito (agachando as orellas e finxindo ser nenos). A viaxe do fillo do rei ao País de Fóra a buscar futbolistas para o seu equipo (Cuspedriños de Arriba) e así poder vencer o equipo feminino de Cuspedriños de Abaixo, porque mentres non lle ganen, el é incapaz de pedirlle para saír á capitá, da que está namorado. Dous mundos e dous réximes de goberno: no de Trasmundi os bens son comúns, eles republicanos e moi afeccionados á democracia, mentres que no de Fóra se van adaptando á irracionalidade humana. A creación de universos ficcionais con todo tipo de detalles, a presenza de personaxes (Murguía, Antón Santamarina ou Rosa Portela, a sogra de Darío) e lugares reais (Compostela, Vigo...), as viaxes dos príncipes que nunca o queren ser («A min iso de ser rei réiname pouco» Cabana 1990c: 59), réximes de goberno nos que mestura a monarquía (electa) coa república envoltos en utopía son marcas identitarias do Darío.

En *Conversas* Darío Xohán Cabana afirma que «*Fortunato de Trasmundi* é case unha continuación de *O libro dos Moradores*, a textura dos personaxes, no que teñen de invención miña, á parte do puramente folclórico, están contidos xa nel» (Calvo / Rodríguez Yáñez 2007: 184). Porque outro libro que podería ler este tipo de público sería o *Libro dos moradores* (Cabana 1990d) no que xoga igualmente con materia fantástica para presentarnos esa xente que non é xente (ou non o é de todo) e pode estar entre nós, animais marabillosos, lendas, casas e vilas semisecretas, a materia de Bretaña percorrendo a nosa xeografía e os artistas entrando no libro (Lugrís, Balboa). Desta obra, di nas *Conversas* que ten unha nova versión case lista para publicar (véx. Calvo / Rodríguez Yáñez 2007: 218).

Se tivésemos que concluír recollendo aquilo que define a obra infantil de DXC, a voo de paxaro, e para engadir ao sinalado con anterioridade, seguramente coincidiríamos coa creación de mundos fantásticos que beben da literatura anterior (dende a materia de Bretaña a Ferrín, das lendas aos contos tradicionais, da mitoloxía á oralidade), pero tamén da obra do propio autor con atmosferas e universos que se moven dunha a outra de forma natural. A reelaboración da materia marabillosa allea e propia, preexistente e actual con total liberdade. Diríamos que os seus libros, a pesar do anterior, teñen moito de realidade (personaxes, lugares, feitos...) que saen da vida do autor como ese Roás que é o lugar de nacemento, ese Morrazo que é a terra da muller, ese pai que percorre as historias, eses cans que foron da casa... Dentro desa maneira de recoller a existencia

encadramos a presenza de persoas amigas ou coñecidas que se introducen nos relatos ou de personaxes como Ramón Lamote; unha maneira de homenaxear silenciosamente a quen respecta. Así como observamos a cantidade de lecturas que o enriqueceron tamén adiviñamos a documentación para cada obra, como se pode ver nos apéndices que engade a algunhas obras ou nas lendas hindús que resume nunha síntese imposible, detrás da que se albisca unha biblioteca específica, á busca dunha fonte directa. O humor é un elemento esencial, unha mirada que acode para relativizar o máis sagrado, a escatoloxía escandalizando un chisquiño ou un vocabulario que non evita ningunha palabra por malsoante que pareza. A sexualidade irrompendo entre o humor e a liberdade, sen represión e provocando unhas risas. A crítica presente en cada historia, como unha forma de ver e de pensar, como algo necesario dende sempre e para sempre. A ruptura de estereotipos especialmente en moitos personaxes masculinos: eses príncipes que prefiren ler a gobernar ou guerrear, ser bibliotecarios nunha república a reis nunha monarquía. A opción política nesa escolla de réxime: monarquía electa ou república, formas de organización nas que os bens están máis ben repartidos e sempre se prefire a paz e o raciocinio a calquera outra opción; o compromiso facéndose presente en todas as ordes. O anacronismo, xogando nun tempo que vai e vén, e a vulgarización das máis altas esferas do poder como ese príncipe que pode facer oposición a municipal (e pode ter algo de biográfico: un dos homes máis sabios do país cubrindo prazas pouco acaídas á súa formación). Unha gran riqueza no relato: léxica e de modismos, un vocabulario a proba de dicionarios, unha boa estrutura e unha voz narradora orixinal que interpela ao lector e o acompaña botándolle a man polo lombo. Unha maneira de escribir para a rapazada sen infantilizala, dándolle a consideración de «pequenos si, pero intelixentes», capaces de facerlle fronte ao relato máis esixente esforzándose algo (tal como fixera el na súa infancia e tal como seguimos facendo as persoas adultas con diferentes textos literarios). Historias que beben do popular e do rural, auténticas, que saen dun autor que escribe o que quere e transcribe o que é, sen tentar enganar ou falsear, sen demagoxias, pois se engana ao lector tamén o faría consigo mesmo. Porque sempre é fiel a si mesmo e escribe obras «non esperables», obras que sorprenden e que nunca pretenden ser politicamente correctas nin no vocabulario nin no que conta. Obras que van á procura das persoas de poucos anos pero que tamén agardan ser lexibles para as persoas que non son tan novas.

4. A modo de despedida

Sería unha tremenda perda que todo este imaxinario de DXC quedara fóra das lecturas dos que aínda non acabaron de medrar. Non podemos privar a esas lectoras e lectores dun mundo propio no que os príncipes han facer unha viaxe iniciática para aprender da vida e sempre van rachando os esquemas porque non queren reinar, a utopía de crear sociedades igualitarias que se rexan por valores realmente

democráticos, a épica entrando no cotián, a recuperación do reino medieval de Galicia e dun rei que probou o pan dos pobres e gardou ese sabor no padal para sempre, a materia de Breña nos nosos camiños, unha literatura que interactúa con personaxes e persoas do seu tempo, que se achega nunha lingua extremadamente rica e cunha mirada irónica... «Ou é que debemos ler tan só por pracer, por ese pracer hedonista, lixeiro e frustrante, de esfoliar as páxinas e saírmos delas sen mancha, coma o raio de sol que atravesa un cristal?» escribía DXC en *A música das palabras* (Cabana 2022: 27-28). E tamén: «A literatura dunha nación oprimida é a primeira cousa en converterse en territorio liberado», porque:

Houbo Otero Pedrayo, que foi pra nós o presidente da nosa república secreta; houbo Lorenzo Varela, o combatente comunista, quizabes o poeta do mundo que máis mitos fundou en menos versos; houbo Álvaro Cunqueiro, o triste soñador das alegrías, o xenial poeta, o mitómano inmenso [...] E houbo e hai tamén ducias e ducias de tipos secundarios coma quen vos fala, que ó mellor, nun día afortunado, conseguiron imaxinar unha pequena cousa que pasou a formar parte desa gran masa mítica que é a literatura galega, unha literatura nacional, un territorio liberado que prefigura a forma dunha Galiza ceibe. Unha literatura que non é coma as outras, porque é tamén unha arma de combate. (Cabana 2022: 156)

5. ... e peche

Non é DXC un escritor secundario senón un creador con estilo propio e recoñecible que debemos reivindicar, tamén, por esa linguaxe que formou parte do dicionario que el sempre reclamou e podemos mostrar así (Cabana 2006: 62):

*DIGO vencello, viorto, mollo
maraño, pabea, gabela,
cadullo, escoto, cabeceira,
rangueiro, estadullo, afungadoiro,
solta, cadarmo, rodo,
distingo toxeira de toxal,
caxigo de carballo,
lora de loro e estrobo, carrada de choupelada,
fouciño de fouciña e gateña de fouce,
medeiro de meda e de borquete.
Pero xa non me entenden.
Acábanse as palabras e acábase o meu mundo.*

E tamén remata este artigo, que quixo ser unha homenaxe escrita nos días nos que a súa perda fixo que a dor transitase o país dos soños, aquel que compartimos con todos e todas as que constrúen a patria con palabras nun mapa de lingua. Quxen recoñecer o escritor, léndoo. Relendo as súas obras infantís, facéndoo, ás

veces en voz alta, a modo de ensalmo ou oración, para que continuemos soñando os seus soños, os nosos soños. Obrigueime a recoller as súas verbas porque a fermosura (no continente e no contido) non me permitía ocultalas.

Remato cunhas palabras que no seu nome dixo Galván cando volveu a Bretaña: «estimareivos que algunha vez vos lembredes de min, pois é pracenteiro pensar que quede de nós algunha fama despois da morte» (Cabana 1989: 80).

Referencias bibliográficas

- Cabana, Darío Xohán (1988): *Historia da lingua galega*. Lugo: Ophiusa.
- Cabana, Darío Xohán (1989): *Galván en Saor*. Vigo: Xerais.
- Cabana, Darío Xohán (1990a): *As aventuras de Breogán Folgueira*. Vigo: Xerais.
- Cabana, Darío Xohán (1990b): *Chirlo Merlo na figueira*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.
- Cabana, Darío Xohán (1990c): *Fortunato de Trasmundi*. Vigo: Xerais.
- Cabana, Darío Xohán (1990d): *Libro dos moradores*. Vigo: Ir Indo.
- Cabana, Darío Xohán (1992a): *O avión de Cangas*. Vigo: Xerais.
- Cabana, Darío Xohán (1992b): *A excursión*. Vigo: Ir Indo.
- Cabana, Darío Xohán (1992c): «O Tesouro da Lagoa», en *Os contos campaña 3. VIII Campaña de fomento da lectura*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 35-51.
- Cabana, Darío Xohán (1992d): *Vidas senlleiras*. Vigo: Xerais.
- Cabana, Darío Xohán (1993a): *As viaxes do Príncipe Azul*. Vigo: Galaxia.
- Cabana, Darío Xohán (1993b): *O milagre das estrelas. Aventuras do Mago Antón no Camiño de Santiago*. Vigo: Xerais.
- Cabana, Darío Xohán (1993c): *Cinco lendas*. Lugo: Servicio de Publicacións da Deputación Provincial.
- Cabana, Darío Xohán (1993d): «Noticias de algures», en *Aí está o conto*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 23-43.
- Cabana, Darío Xohán (1994a): *O castrón de ouro*. O Barco de Vapor, S.M.
- Cabana, Darío Xohán (1994b): *Chucho Cacho*. Vigo: Xerais.
- Cabana, Darío Xohán (1994c): «As tesoiras do señor Aurio», en *Novos contos para nenos*. Lugo: Citania de publicacións, 91-102.
- Cabana, Darío Xohán (1995): «O mestre de Silvarrei», en *Contos da travesía*. Santiago de Compostela: Tren Caixa Galicia, 9-34.
- Cabana, Darío Xohán (2000): *Inés e a cadela sabia*. Barcelona: Edebé-Rodeira.
- Cabana, Darío Xohán (2004): *Dende o Himalaia a Ceilán*. Vigo: Galaxia.
- Cabana, Darío Xohán (2006): *Cabalgada na brétima*. Vigo: Galaxia.

Cabana, Darío Xohán (2022): *A música das palabras. De lingua e literatura (1990-2021)*. Vigo: Xerais.

Calvo, José Luís / Yago Rodríguez Yáñez (2007): *Conversas con Darío Xohán Cabana. Vida e escrita*. Vigo: Xerais.

Manuel María ([1997] 1999): *As ribeiras son escuras*. A Coruña: Everest Galicia.